OS AIRES DE MEIRAOS

Jesús Alfonso Parada Jato

OS AIRES DE MEIRAOS

Jesús Alfonso Parada Jato

avant
editorial

Primera edición, septiembre de 2022
© Jesús Alfonso Parada Jato 2022

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra solo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley. Diríjase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos) si necesita fotocopiar o escanear algún fragmento de esta obra (www.conlicencia.com)

Diseño y Edición:
Avant editorial
Avenida de Londres, 6, Portal 1, Atico A,
28500 Arganda (Madrid)
www.avanteditorial.com
info@avanteditorial.com

ISBN: 978-84-19197-74-0
IBIC: WTL

AGRADECEMENTOS

Aos meus defuntos pais que me transmitiron a miña paixón pola terra e pola súa historia.
Á miña irmá e á miña sobriña, pola súa axuda, ánimo e apoio.
A Miguel Ángel López Fojo e Carmen Raposo Blanco, que me achegaran o deslinde de mancomunidade de montes de Meiraos.
A Juán Carlos López que me achegou datos do s. XIX que resultaron de grande interese.
A José Luís Vilar López, que me falou do viraventos da igrexa e dos aires de Oencia (León).
Ao concelleiro do Concello de Folgoso do Courel, do grupo C@urel Vivo, Óscar Carrete Lage, pola valiosa información aportada dos aires e dos costumes da súa aldea de A Teixeira.
Á concelleira do Concello de Folgoso do Courel, do grupo PSG-PSOE, Carmen Álvarez Álvarez, que sempre atendeu as miñas chamadas.
Ao alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro, que compartiu comigo as súas vivencias e pola amabilidade coa que me recibiu.
Ao antigo Prior do mosteiro de Samos, José Luís Vélez Álvarez que tanto me axudou sempre nos meus traballos.
A Orlando Gregorio Álvarez Álvarez, pola información e polas súas verbas de ánimo e apoio.
Ao persoal da Biblioteca Pública de Lugo, do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, do Bispado de Lugo, do Arquivo da Deputación Provincial de Lugo, do Arquivo Histórico Nacional, do Arquivo do Reino de Galicia, e da Xerencia Territorial do catastro de Lugo, pola súa axuda e colaboración.
A tantos devanceiros/as que compartiron as súas vivencias comigo ao longo de tantas horas.
Ao lector/a que olle esta publicación con interese e respecto.
Agradecemento moi especial a quen sempre tenta de poñer pedras no camiño, pois as pedras por grandes que sexan, sempre se pode pasar por enriba delas.



PRÓLOGO

A historia dun lugar tamén é a historia dos seus ventos. Eses que zoan dun lugar determinado e que os habitantes coñecen dende sempre e teñen ben aprendido as consecuencias que poden traer, tanto para os cultivos coma para as vivendas e máis aínda para as persoas.



"Moradella" no Castro de Santo Estevo ou de Rebouta. Orixe da aldea de Meiraos

Nunha sociedade basicamente agrícola e gandeira é frecuente iso de ollar cara ao ceo na procura de respostas ou para coñecer o tempo que vai facer nas vindeiras horas. A natureza é imprevisible, pero aínda así fala e tenta de transmitir avisos que non sempre sabemos interpretar.

Moito se escribiu sobre O Caurel e as súas aldeas, onde por suposto Meiraos ocupa un lugar preponderante, pero cada un necesita escribir a súa historia. E contar aquilo que aínda queda por escribir. Pequenas cousas que se van perdendo en cada persoa que morre.

Non pretendo que esta cativa obra teña relevancia técnica nin me preocupa aportar tecnicismos que dificulten a lectura. Soamente aportar datos sobre un elemento que é moi importante nas nosas vidas e que a miúdo pasa desapercibido.

A bravura do vento foi reflectida en numerosas obras literarias, que por citar unha eu escollería *Macbeth* de William Shakespeare. Quen non lembra aquel acto I escena III cando unha das bruxas dicía: ¿Qué puerta quedará segura, cuando de todos los puntos de la rosa soplen los vientos…*?*




Ceo treboento nunha tarde de verán

Sempre hai algo que contar, por cativo que poida parecer. Cando hai interese pola historia e polos costumes dun lugar, os datos van xurdindo un tras outro e cando te decatas, o arquivo onde os gardaches xa se atopa ben medrado. Neste caso non será así, pois nin é un traballo extenso, nin se nutriu máis aló do estritamente necesario doutras obras pretéritas.

Malia que o meu desexo orixinal era falar unicamente desta aldea, por diversos motivos fixen referencias a outros lugares

dos concellos limítrofes ou certos lugares que poden ter interese para o tema que aquí se trata. Por suposto, non podían faltar referencias á mitoloxía grecolatina tan rica en canto ao vento se refire.




Abrente en Meiraos




Inverno en Meiraos



A faciana máis amable do temporal



Cando a luz eléctrica falta



Reloxo de Sol con forma de globo terráqueo. Mentres haxa sol, non precisa axustes

O VENTO

Do latín *ventus*, é o movemento do aire na troposfera dende zonas de alta presión a outras de baixa presión. Son os ventos globais, porén cómpre ter en conta numerosos factores que inflúen ou determinan os caracteres de intensidade e periodicidade destes movementos de aire. Eses outros factores locais son difíciles de simplificar e son os que permiten falar dos ventos locais.

TIPOS DE VENTOS

Brisas mariñas: a consecuencia das diferencias de temperatura entre o día e a noite, a superficie da terra e máis a do mar vanse quentando e arrefriando de forma cíclica: iso produce as brisas.

Brisas de val: o raios do sol varían o seu ángulo de incidencia ao longo do día e iso produce un fluxo de aire.

Brisas de montaña: nas proximidades dos sistemas montañosos, sobre todo polas noites claras, o aire móvese polas pendentes aba abaixo baixando ata os vales.

Ventos catabáticos: son os que descenden dende as alturas ao fondo dos vales producidos polo esvaramento do aire frío dende os puntos máis elevados.

Ventos anabáticos: son os que ascenden dende as zonas máis baixas cara ás máis altas.

OS VIRAVENTOS

Segundo varios escritos antigos de Mesopotamia de arredor do 3500 a. C. xa falan dun instrumento para indicar a dirección do vento. Non se coñece con exactitude quen foi o seu creador. Atribúese a Andrónico de Cirro, astrónomo grego que viviu arredor do ano 100 a. C. a creación do primeiro viraventos, mais pode ser que xa existise con anterioridade e o que fixo fose mellorar o seu deseño e colocalo na famosa Torre dos Ventos de Atenas.

En Exipto xa se atoparan xeroglíficos que representaban certos animais indicando a dirección dos ventos: o rabo da galiña de Numidia indicaba o vento do sur, mentres que a súa crista e máis o pico apuntaban cara ao norte.

O primeiro viraventos do cal se ten noticia foi o que coroaba o faro de Alejandría que data do s. III a. C. e consistía nunha figura de Tolomeo I que xiraba co vento.

A figura que colocou no alto da torre era Tritón, o deus grego, cunha vara na man que se movía co vento.

O papa Gregorio I disque foi o artífice de substituír os viraventos antigos polo galo como símbolo do cristianismo.

No s. IX o papa Nicolás I ordenou que a figura do galo se emprazase no bico do campanario de cada igrexa.

Un pouco antes o papa León IV, coñecedor da simboloxía do galo, ordenou pór na Basílica de San Pedro un viraventos con forma de galo. O viraventos converteuse deste xeito, nun símbolo relixioso que representaba a vixilancia do clero sobre o pobo. Por iso non era habitual colocalo noutras edificacións que non fosen relixiosas. Máis adiante pazos, castelos e casas burguesas xa acadaran permiso para poder colocalos.

Os viraventos eran un ben prezado e así, nos asaltos ás fortalezas ou castelos, o primeiro que conseguía chantar o estandarte e facerse co viraventos obtiña o privilexio para poder colocalo noutro lugar.

O seu funcionamento é ben sinxelo: consta dunha frecha ou unha figura que sinala a dirección do vento, e catro varillas que sinalan os puntos cardinais. Mais os seus compoñentes deben quedar ben equilibrados, por iso ás veces cómpre engadirlles pesos para que xiren axeitadamente. Deben colocarse no lugar máis alto do tellado e afastadas de edificios, árbores e outros obxectos que poidan interferir na verdadeira dirección do vento e ofrecer unha lectura máis precisa.

Segundo o *Libro Guinness dos Récords* o viraventos máis grande do mundo está ubicado na localidade andaluza de Jerez de la Frontera.

O galo da Colegiata de San Isidoro de León pasa por ser o máis antigo dos que se conservan na actualidade. Disque os restos dun niño de abella que se atopaba no seu interior (ao cal se lle fixo a proba do C14) foi datado con anterioridade ao 680 a.

C. Pode que fose de orixe oriental e traído a España nas guerras ou por medio do comercio.

Hai un coñecido refrán relacionado cun dos meses máis ventados do ano que dí: «en marzo, nin dúas horas están quietos».

Interesante é, sen dúbida, a historia dalgúns destes viraventos como o da Torre Sur ou Torre do Reloxo da catedral de León. Con forma de cruz e 4 m de altura, disque en 1715 caeulle un raio enriba durante unha rogativa ante a falta de chuvia na terra leonesa. Prendeu lume mais unha forte chuvia apagouno de contado. En 1911 ao ver que perigaba, o arquitecto da catedral ordenou desmontalo e, cando os ferreiros desa catedral tentaban de reconstruílo e facer un novo, atoparan na bóla de arranque un pergamiño agochado no seu interior que contiña unha pregaria ao arcanxo San Miguel para que librase á torre de raios e centellas, ao tempo que rogaba que non se pousasen nela os animais voadores.

O novo viraventos colocouse coa mesma pregaria, mentres o vello foi parar ao Museo Catedralicio.

En 1941 un forte vento guindouno ao chan, cousa que aconteceu novamente en 1965. En 1983 sufriu outra restauración.

Interesante é o viraventos que coroa a espadana da igrexa de San Xoán de Padornelo, no veciño concello de Pedrafita do Cebreiro, onde un raposo parece asexar a un galo. A súa factura parece ser ben antiga pois o templo data do s. XV e foi un enclave importante dos cabaleiros da Orde de San Xoán de Xerusalén, que defendía aos peregrinos. Os Reis Católicos concederan aos habitantes deste lugar un Real Privilexio que os eximía de pagar os tributos polo seu traballo *para abrir de nieves el puerto y el Camino Real que de este reino pasa a los de Castilla, desde el sitio y mojón llamado "la Rassa" hasta otro marco de piedra que está en dicha vereda llamado de* «*Francome*»*, a fin de que transiten los peregrinos y más pasajeros sin*

riesgo, y así mismo hospedar a dichos peregrinos en sus casas… O porto ao que alude é o alto de O Poio que se atopa a uns 200 m e acada 1337 m.



Interesante viraventos na espadaña da igrexa de San Xoán de Padornelo (Concello de Pedrafita do Cebreiro)

Interesante é un fragmento da obra *Industrias y Andanzas de Alfanhuí* do autor Rafael Sánchez Ferlosio, onde fala dun galo dun viraventos que baixaba do tellado e cazaba lagartos. A primeira vez que lin este lance, foi nun libro de 7.º curso da EXB e deixoume tan fondamente impactado, que non podo obvialo nesta publicación: *El gallo de la veleta, recortado en una chapa de hierro que se cantea al viento sin moverse y que tiene un ojo solo que se ve por las dos partes, pero es un solo ojo, se bajó una noche de la casa y se fue a las piedras a cazar lagartos. Hacía luna, y a picotazos de hierro los mataba. Los colgó al tresbolillo en la blanca pared de levante que no tiene ventanas, prendidos de muchos clavos. Los más grandes puso arriba y cuanto más chicos, más abajo. Cuando los lagartos estaban frescos todavía, pasaban*

vergüenza, aunque muertos, porque no se les había aún secado la glandulita que segrega el rubor, que en los lagartos se llama «amarillor», pues tienen una vergüenza amarilla y fría.


Pero andando el tiempo se fueron secando al sol, y se pusieron de un color negruzco, y se encogió su piel y se arrugó. La cola se les dobló hacia el mediodía, porque esa parte se había encogido al sol más que la del septentrión adonde no va nunca, y así vinieron a quedar los lagartos con la postura de los alacranes, todos hacia una misma parte, y ya, como habían perdido los colores y la tersura de la piel, no pasaban vergüenza.

Y andando más tiempo todavía, vino el de la llluvía que se puso a flagelar la pared donde ellos estaban colgados, y los empapaba bien y desteñía de sus pieles un zumillo, como de herrumbre verdinegra, que colaba en reguero por la pared hacia la tierra. Un niño puso un bote al pié de cada reguerillo, y al cabo de las lluvias había llenado los botes de aquel zumo lo juntó todo en una palangana para ponerlo seco. Ya los lagartos habían desteñido todo lo suyo, y cuando volvieron los días de sol tan sólo se veían en la pared unos esqueletitos blancos, con la película fina y transparente, como las camisas de las culebras y que apenas destacaban del encalado.

Pero el niño era más hermano de los lagartos que del gallo de la veleta, y un día que no hacía viento y el gallo no podía defenderse, subió al tejado y lo arrancó de allí y lo echó a la fragua, y empezó a mover el fuelle. El gallo chirriaba en los tizones como si hiciera viento y se fue poniendo rojo, amarillo y blanco. Cuando notó que empezaba a reblandecerse, se dobló y se abrazó con las fuerzas que le quedaban a un carbón grande, para no perderse del todo. El niño paró el fuelle y echó un cubo de agua sobre el fuego que se apagó resoplando como un gato, y el gallo de la veleta quedó asido para siempre al trozo de carbón…

O VENTO NA MITOLOXÍA GRECOLATINA

A mitoloxía grega tratou de humanizar os fenómenos naturais a través de mitos e lendas. Historias que son a base do mundo clásico.



As cores do ceo ao abrente e máis ao solpor anuncian o tempo que está por vir

Os *anemoi* eran os deuses do vento na mitoloxía grega. Eolo era o deus de todos os ventos, fillo de Zeus, que lle deu o poder de controlar a todos aos que tiña encadeados e podía liberalos cando quixera. Por iso Eolo era tan temido e respectado. Era o responsable de controlar os temporais e mesmo algúns deuses pedíanlle axuda en determinadas ocasións, como fixo a deusa Hera para impedir que Eneas desmbarcase en Troia, ou Ulises, a

quen Eolo mandou un vento favorable para que puidese chegar a Ítaca.

Na mitoloxía grega os ventos eran deuses que tamén estaban vencellados a un punto cardinal de onde viñan os seus ventos, e tamén estaban asociados a diferentes estacións e condicións climáticas.

Eran representados como refachos personificados, como homes con ás ou como cabalos nos patios da treboada do deus Eolo.

Bóreas era o vento do norte que traía o frío.

Noto era o vento do sur que traía as treboadas.

Céfiro era o aire da primavera e as brisas do verán.

Euro o vento do leste que non se asociaba a ningunha das estacións gregas.

Aristóteles cita outros tres ventos entre Bóreas e Euro que eran Meses, Cecias e Apeliotes. Entre Euro e Noto, estaba Fenicias. Entre Noto e Céfiro estaba Lilis. Entre Céfiro e Bóreas, ubicaba outros dous: Argestes e Trascias.

Cómpre salientar que Aristóteles non consideraba a Euro o vento do leste, senón do sueste.

Na mitoloxía latina tiñan outros nomes:

Septentrio era o vento do norte.

Austro, o vento do sur.

Favonio, o vento do oeste.

Vulturno, o vento do leste.

Corus ou Caurus era o deus do vento do nordés, un vento frío e seco que os gregos nomeaban Stirion.

Certamente a rosa dos ventos grega e romana é ben extensa e interesante.